

Marcosende, Febreiro de 2003

Estimado/a compañeiro/a:

Xa estarás ó tanto de que o vindeiro 27 de febreiro vanse celebrar eleccións sindicais na Universidade de Vigo para escoller os membros que formarán o próximo Comité de Empresa. Desta vez todo o persoal que ten contrato laboral pode participar neste proceso. CC OO defendeu, desde o primeiro momento, a vosa participación ó entender que sodes traballadores e traballadoras con tódolos dereitos.

O colectivo que no censo aparece co nome de “persoal de administración e servizos programas outras administracións” está basicamente formado polas persoas que, ou ben, estades a traballar en oficinas que se crearon nos últimos anos: OFIX, OFOE, OFIE, OMA, ou, o facedes en servizos, áreas ou oficinas propios da universidade, procedendo, do Programa Labora a maioría do persoal desta última categoría.

Non é a primeira vez que áreas creadas por decisión política e cubertas inicialmente por persoal contratado, logo, unha vez demostrada a súa necesidade, pasaron a incorporarse a relación de postos de traballo (RPT). A OFIX e a OFOE, ou mesmo a OMA, levan xa un tempo funcionando e ninguén pode negar a necesidade que a universidade ten destes servizos. CC OO, defende, e esixe, a incorporación dos postos destas oficinas á RPT e a súa cobertura polo sistema de concurso oposición, con salvagarda dos principios de igualdade capacidade e mérito.

Con respecto ó “Programa Labora: Xuventude con Experiencia”, no que participa a Universidade de Vigo gracias ó acordo asinado polo rector coa Xunta de Galicia, CC OO xa ten dado o seu parecer, tanto nas asembleas públicas, como a través da lista comunidade ou do Grilo-Dixital<sup>1</sup>. Así mesmo, no mes de decembro fixemos chegar á xerencia un escrito onde pedimos que o persoal contratado a través deste programa se lles recoñezan os mesmos dereitos que ten o resto do persoal, por suposto esta petición é extensible a todos aqueles contratos feitos a través de programas con outras administracións.

---

<sup>1</sup>Ver: <http://webs.uvigo.es/ccoo/Escritos>

En CC OO témolo claro, as prazas de carácter estrutural teñen que estar encadradas na RPT e non é de recibo que se estean a cubrir por medio de contratos precarios e inestables. A empresa, neste asunto, actúa con total negligencia e chega incluso a incumprir os principios do programa que asinou ó darlle “os labora” responsabilidades e tarefas que nada teñen que ver cun verdadeiro programa de formación.

Estamos a favor da implantación de políticas activas de emprego na sociedade que axuden á xuventude a incorporarse ó mercado de traballo, mais estas, cando se aplican as institucións públicas deben de ter en conta as actuacións que rexen tódolos procesos á Función Pública.

En resumo para o voso colectivo CC OO pide que teñades os dereitos recollidos no actual Convenio Colectivo, agás o referente as retribucións, nesta materia pediremos á universidade que solicite o seu incremento á entidade pagadora, e non ser así partícipe, deste emprego precario e mal pagado. Esixiremos, tamén que o espacio onde estades a traballar sexa de calidade e reúna as condicións, de espacio e habitabilidade, legalmente establecidas.

No programa electoral que estamos a enviar a tódolos traballadores e traballadoras atoparas máis información sobre a nosas ideas e propostas para os próximos catro ano.

Non deixes de exercer o teu dereito ó voto. Aí está a túa forza.

Un saúdo

Manuel Velasco Graña  
*Coordinador da Sección Sindical de CC OO*

**MELLORA AS TÚAS CONDICIÓNES.  
TI DECIDES**

**0 27 de febreiro vota CC OO**